


29 de xuño de 2012. ADEGA-Lugo vén de facer público un informe que compara o consumo enerxético da fatoría de **ALCOA-San Cibrao** cos consumos de diversos sectores socioeconómicos galegos. Os datos amosan a
enorme pegada enerxética
dunha instalación e un proceso, a electrólise do aluminio, moi intensivo no consumo de electricidade. Unha industria que por si soa
consome tanta electricidade como o 74% dos fogares galegos
contrae unha
débeda ecolóxica
proporcional coa sociedade, vistas as consecuencias que a obtención desta enerxía ten no ambiente. Porén, e fronte aos crecentes esforzos que se esixen á cidadanía (suba de impostos, encarecemento dos servizos, perda de dereitos...) as pretensións de ALCOA de
obter a luz máis barata
baixo a ameaza de peche e "deslocalización" semellan case obscenas. Como é que logo de 32 anos, ALCOA-San Cibrao non puxo en marcha ningún sistema de autoconsumo enerxético (solar, eólico, maremotriz, biomasa...) para reducir a súa fatura eléctrica?

Análise comparativa ALCOA

Neste contexto de crise, os esforzos que se lle piden á cidadanía non van parellos cos que deben afrontar os bancos e as grandes corporacións transnacionais. Para uns, todo son recurtes (sociais, de dereitos, etc.) e subas (de impostos, no custo dos servizos e produtos básicos...), mentres que para outros hai barra libre de cartos (rescates, recapitalizacións, privatización de servizos públicos...). Polo que atinxe á enerxía a situación é similar: á sociedade pídeselle que consuma menos, sexa máis eficiente e pague máis pola electricidade (xa se encareceu un 70% dende 2006). Mentres, as corporacións transnacionais como ALCOA, cuxa pegada enerxética só da súa fatoría de San CIbrao equivale á das 3/4 partes de toda a poboación galega, esixen unha rebaixa eléctrica para non marchar a outros paises.


Consumo Eléctrico kWh/tonelada
Fonte: ALCOA
0
2.000
4.000
6.000
8.000
10.000
12.000
14.000
16.000
Cloro-Sosa
Carburo Calcio
Ferrocromo
Zinc
Silicomanganeso
Niquel AP
Clorato Sodico
Carburo Silicio
Ferrosilico
Silicio Metal
Aluminio